



C O N C E L L O  
DE  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

## ACTA N.º 2 TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA ARQUITECTO DO CONCELLO DE ABEGONDO POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN (FUNCIONARIO)

En Abegondo, ás 12.00 horas do día 10 de abril 2024, reúnense no Salón de Plenos do Concello, os seguintes membros do tribunal nomeados pola Alcaldía para a selección dunha praza de arquitecto.

Presidente: Alberto Pensado Seijas  
Vogal: Antonio Gómez Iglesias Casal  
María del Mar Carro López  
María Beatriz Fernández Vázquez  
Secretario: José Antonio Varela Doval

### PRIMEIRO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS

Os membros do tribunal analizan a alegación presentada o día 04/04/2024 ás 15:54:08 con rexistro de entrada 202499900000467. O prazo de alegacións remataba o día 03/04/2024, polo que a alegación foi presentada fóra de prazo.

Non obstante, en relación á pregunta 60, faise constar que houbo un erro de transcripción (db-SE por DB-SI), e aínda no caso de ser anulada esta pregunta, non afectaría ao resultado das probas.

### SEGUNDO. FASE DE OPOSICIÓN

A continuación comeza o segundo exercicio da fase de oposición:

#### 2.º exercicio

- Exame práctico: exame práctico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento dunha proba de capacitación de nivel técnico.
- Este exercicio consistirá na realización nun tempo máximo de 30 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionados cun supostos/situacións de índole teórico-práctica, referido ao contido do temario anexo (temario xeral e específico) e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 30 puntos, sendo necesario acadar 15 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademais dos coñecementos expostos, o Tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos, claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.
- O tribunal queda competencialmente capacitado para determinar a posibilidade de utilización de apoio legal e documental para a realización deste exercicio, con carácter previo á realización da proba.

Procédese á apertura do sobre que contén a proba, elixida por consenso de todos os membros do tribunal, a cal era custodiada polo secretario do tribunal nun sobre pechado.

Preséntase á realización do exercicio un único aspirante, que foi o que superou o primeiro exercicio.

Unha vez realizado o exame práctico, entre as 12.30 a 13.00 horas, a persoa candidata, logo dun pequeno receso, dá lectura do exercicio ante o tribunal.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

A continuación, os membros do tribunal valoran o exercicio, que puntúan co seguinte resultado:

CANDIDATO ASPIRANTE	NIF	PUNTUACIÓN
LUIS DÍAZ DÍAZ	***3610**	22,87

O resumo das dúas probas da fase da oposición queda como segue:

NOME	NIF	PUNTOS 1. <sup>a</sup> PROBA	PUNTOS 2. <sup>a</sup> PROBA	TOTAL OPOSICIÓN
LUIS DÍAZ DÍAZ	***3610**	22,7	22,87	<b>45,57</b>

A persoa candidata está en posesión do Celga 4, tal e como se acredita na documentación achegada xunto coa instancia de solicitude de participación no proceso selectivo e presentada no Rexistro do Concello de Abegondo o día 16/01/2024 con rexistro de entrada número 20240000000138. Polo tanto, **o candidato aspirante está exento de realizar o 3.º exercicio, a proba de galego.**

### TERCEIRO. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS

Unha vez rematada a primeira fase, a fase de oposición, e superada esta, o tribunal procede á valoración de méritos da segunda fase, **fase de concurso de méritos**, da que se obteñen os seguintes resultados:

NOME	NIF	MÉRITOS ACADÉMICOS	MÉRITOS PROFESIONAIS	TOTAL CONCURSO
LUIS DÍAZ DÍAZ	***3610**	16	24	40

### PROPOSTA DO TRIBUNAL

A puntuación total do proceso selectivo é o seguinte:

NOME	NIF	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL PROCESO SELECTIVO
LUIS DÍAZ DÍAZ	***3610**	45,57	40	<b>85,57</b>

Á vista das cualificacións obtidas e de todo o exposto anteriormente, **o tribunal propón para a praza de arquitecto do Concello de Abegondo a Luis Díaz Díaz.**

Os resultados do proceso selectivo serán publicados na sede do Concello <http://sede.abegondo.gal> e no taboleiro de anuncios.

Ás 13.45 dáse por finalizada a sesión, e para que conste asinan a presente acta os membros do tribunal antes citados, do que como secretario do tribunal dou fe.

O secretario

José Antonio Varela Doval

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.